

“O santo e o criminal” Entrevista a Jean Genet para a revista *Playboy*, 1964

Vostede referiuse á súa identidade de homosexual, traidor, bandido e covarde. Non se pode dicir que ocultase a súa personalidade. De feito, foi acusado de converter esa confesión nun alarde con fins publicitarios. Que hai de certo niso?

É certo que nos meus escritos autobiográficos resaltei estas calidades, aínda que hai que ter en conta que os escribín hai vinte anos e por razóns que non sempre foron moi puras. Refírome a que non sempre foron dunha natureza poética. Así é que supoño que había un elemento publicitario niso. Pero escollín maneiras perigosas de levar a cabo esa publicidade; refírome a que eran formas que non eran seguras para min. O feito de chamarme publicamente *homosexual, bandido, traidor e covarde* colocoume nunha situación que non era a que poderíamos chamar «segura». Isto fixo que me fora imposible escribir obras que a sociedade puidera dixerir con facilidade. En resumo, ese aparente alardear púxome de inmediato fóra do alcance da sociedade. Excluíme da boa sociedade.

Propuxo converterse en homosexual, traidor, bandido e covarde, do mesmo modo en que se decidiu publicitar como tal?

Non mo «propuxen». Non tomei ningunha decisión. Se empecei a roubar foi porque tiña fame. Despois tiven que xustificar ese acto, tiven que aceptalo. En canto a ser homosexual, non podería dicirlle por que o son. No sei nada ao respecto. Acaso un sabe por que é homosexual? Acaso alguén sabe por que alguén máis elixe unha certa posición para facer o amor na cama? A homosexualidade, por dicilo dalgún xeito, é algo que me foi dado, como a cor dos meus ollos, ou o tamaño dos pés. Na miña infancia era consciente de que me atraían os nenos. Só despois de experimentar esa atracción «decidín», elixir libremente a miña homosexualidade, no sentido sartreano da palabra «elixir». Para dicilo dun xeito máis sinxelo: tiven que soporalo, aceptalo, aínda que sabía que estaba condenado pola sociedade.

Algunha vez sentiu interese polas mulleres?

Si, interesáronme catro: a Virxe María, Xoana de Arco, María Antonieta e *Madame Curie*.

Referímonos a un interese sexual.

Non, xamais.

Importaríalle afondar niso?

Non, estou completamente disposto. Gústame o tema. Son consciente de que agora a homosexualidade é algo que se ve de xeito favorable nos círculos pseudo artísticos. Pero aínda é algo que a burguesía reproba. Eu débolle moito ao feito de ser homosexual. Se quere consideralo como unha maldición é asunto seu, pero eu considéroo unha bendición.

Que papel xoga a homosexualidade na súa vida presente?

Quixera dicir algo sobre o seu aspecto pedagóxico. Non necesito contarlle que me deitei con todos os raparigos aos que procurei. Pero non é só o sexo o que me importa. Tratei de revivir con eles a aventura que vivín só e cuxos símbolos son a dexeneración, a traizón, o rexeitamento da sociedade e, para rematar, a escritura. É dicir, un retorno á sociedade pero por outros medios. A homosexualidade exclúe ao homosexual da boa sociedade e por esa razón obrigao a enfrontarse aos valores sociais. Se un decide coidar a un mozo, non o fai dun xeito trivial. Un faille ver a incoherencia da razón e a sensibilidade inherentes á sociedade normal. O elemento feminino contido na homosexualidade envolve ao raparigo e quizais isto tradúcese nunha maior bondade. Cando o Consello Ecuménico se reuniu en Roma, vin un programa de televisión do Vaticano. Presentaron a uns cantos cardeais. Dous ou tres eran asexuados e insignificantes. Aqueles a quen lles gustaban as mulleres eran aburridos e cobizosos. Só o que se vía homosexual pareceume amable e intelixente.

Considera que a homosexualidade contribúe ao tan publicitado «dirixismo» cara a unha sociedade asexual?

Aínda que a virilidade estivese en crise, iso non me preocuparía moito. A virilidade é sempre un xogo. Os actores norteamericanos xogan a ser virís. Tamén penso en Camus, quen adoptou poses virís. Desde o meu punto de vista, a virilidade é unha calidade que serve para protexer o feminino e non para desfloralo. Pero evidentemente non estou na mellor posición para xulgar. Ao opoñerse a unha actitude convencional, o home rompe unha cuncha que lle permite revelar unha delicadeza que doutro xeito non sería evidente. Quizais a emancipación da muller moderna impulse ao home a abandonar vellas actitudes para dirixirse a outras novas, máis acordes con mulleres menos submisas.

Nos dezaseis anos que transcorreron desde que se lle absolveu da cadea perpetua por reincidencia criminal e

«O Santo e o Criminal»

Entrevista a Jean Genet Playboy

obtivo a súa liberdade, segue roubando ou xa se reformou?

E vostede?

Preferiríamos facer nós as preguntas, se non lle importa.

Está ben. Non roubo do xeito que o fai unha persoa común. En todo caso, xa non roubo como antes. Agora recibo grandes regalías polos meus libros, a min parécenme grandes. As regalías son produto dos meus antigos roubos. Sigo roubando no sentido de que, no que respecta á sociedade, continúo a ser deshonesto, pero a comunidade pretende que non o son.

Pasou sete anos tralas reixas polos seus crimes. Considerábase hábil no seu oficio?

Non era inhábil. Hai un elemento de hipocrísia na operación de roubar, pero moléstame o seu micrófono. Interfírese co meu pensamento. Vexo como se moven os carretes e sinto que debería ser cortés coa gravadora que se desenrola silenciosamente, sen axuda de ninguén. Pero como lle dicía: o acto de roubar obrígaos a un a agocharse. Se un se esconde, oculta parte da súa acción e un non a pode recoñecer. Resulta aínda máis perigoso recoñecela ante os xuíces. Ante eles hai que negalo todo. Un ten que negar ocultando. Cando un oculta o que fai é sempre con ineptitude. Refírome a que un non utiliza todas as súas habilidades. Por forza, algunhas delas están encamiñadas a negar o acto que un emprende.

Sente algunha afinidade cara aos seus colegas do crime?

Non, de ningún tipo, pola simple razón de que iso conduciríame cara á moralidade e, polo tanto, cara ao ben. Se, por exemplo, existise unha lealdade entre dous ou tres criminais, iso significaría o inicio dunha convención moral e, polo tanto, o inicio do ben.

Cando comezou a escribir en prisión, a soidade creativa era preferible ao illamento do criminal?

Non, porque o que escribín fíxome sentir aínda máis só.

Que foi entón o que o fixo escribir?

Non o sei. Non sei cales foron as razóns profundas. A primeira vez que advertín o poder da escritura foi cando lle envíei unha postal a unha amiga alemá que vivía en Norteamérica. O lado da postal en que eu debía escribir era branco, con pequenas engurras, como a neve. Esa superficie fíxome evocar a neve e o Nadal. No canto de escribir un pensamento convencional, escribín a verbo da calidade do papel. Iso foi o que me iniciou. Isto non explica o meu motivo, pero si me deu a miña primeira proba de liberdade.

Escribiu a súa primeira novela, A nosa señora das flores, en prisión. Que actitude tiñan as autoridades cara aos esforzos literarios dos internos? Apoiárono con materiais para escribir?

Certamente non. Dábannos papel para facer bolsas. Foi nese papel café onde escribín o inicio do libro. Non crin que fora ser lido. Pensei que eu nunca ía saír do cárcere. Escribín con sinceridade, con lume e furia, e con moita máis liberdade porque estaba seguro de que o libro xamais sería lido. Un día fomos da prisión á corte. Cando volví á miña cela o manuscrito desaparecera. O director da prisión chamoume. Castigoume: tres días en confinamento solitario a pan e auga por utilizar un papel que «non estaba destinado a obras mestras da literatura». O bastardo do director fíxome sentir menosprezado. Ordenei uns cadernos na cafetería, metínme na cama, mergulleime baixo as mantas e tratei de lembrar, palabra por palabra, as cincuenta cuartillas que escribira. Creo que o logrei.

Aínda que hai quen a aclamou como unha obra mestra do erotismo, moitos críticos rexeitaron concederlle a este libro un recoñecemento literario. Gratificoulle que

a súa publicación causase unha verdadeira tormenta de eloxios e protestas?

Si, pero gustoume que a editorial sacase o libro cunha portada moi inocente, nunha tiraxe moi pequena de trescentos ou catrocentos exemplares, e asegurarme de que caese en mans dos banqueiros católicos e xente polo estilo.

É vostede tan indiferente á aceptación dos intelectuais como parece selo ante a aprobación da crítica e do público?

Xamais tratei de formar parte da literatura francesa, por non mencionar o feito de que a literatura francesa dificilmente me daría a benvinda.

Di que non é «un deles». Entón, departe en sociedade cos seus antigos compañeiros de cela e cos seus socios criminais?

Desde logo que non. Considere a situación. Obteño regalías de todo o mundo. Vostede vén entrevistarme de Playboy. Mentres tanto, eles seguen presos. Como espera que manteñamos unha amizade? Para eles non son máis que un home que traizoou. Tiven que traizoar ao roubo, que é un acto individual, en beneficio dunha operación máis universal, é dicir, a poesía. Tiven que traizoar ao ladrón que era para converterme no poeta no que espero terme convertido. Pero esta «legalidade» non me fixo máis feliz.

Parece sentir que se lle considera un paria tanto na sociedade como no submundo. Que pensa desta reprobación xeneralizada?

Non me importa, pero é cuestión de temperamento. Gústame ser un proscrito tal e como, con todo respecto, a Lucifer lle gustaba ser proscrito por Deus. Pero é por orgullo, e ese non é o meu lado bo.

Alguns críticos tacharon a Sartre de blasfemo por chamalo «San Genet» na avaliación de seiscentas páxinas que escribiu sobre a súa obra. Que opina desta canonización intelectual?

Os meus detractores non protestarían por un San Camus. Por que obxectan un San Genet? Cando era pícaro resultábame difícil imaxinarme presidente da República, xeneral ou calquera outra cousa polo estilo, a menos, claro, que houbese un elemento de vontade ou de determinación. Fun fillo ilexítimo. Estaba fóra da orde da sociedade. Que podía anhelar senón un destino especial? Se quería utilizar ao máximo a miña liberdade, as miñas posibilidades, as miñas facultades -aínda non me decatara do meu talento literario- o único que me quedaba era converterme en santo, só iso; noutras palabras, nunha negación do home.

Vostede escribiu sobre a «eterna parella» que forman o santo e o criminal. Cal é a relación que existe entre eles?

Ambos viven en soidade. Se examina o asunto detidamente, non ten a impresión de que os grandes santos parecen criminais? Non existe un lazo visible entre sociedade e santidad. A santidad asusta.

Alguns críticos increpárono, non só por ver a santidad como o fai senón por atreverse a usar a palabra.

Os meus detractores estremécense de que utilice calquera palabra, ata unha coma. François Mauriac escribiu unha vez un artigo sobre min no que me pedía que abandonase a escritura. Os bos cristiáns, e particularmente os meus detractores, son propietarios da palabra «santidad»: non me permiten usala.

Vostede escribiu unha vez que a poesía é «a arte de usar excremento e facer que o lector o coma». Con esta definición quería xustificar a súa celebrada tendencia a valerse dunha linguaxe socialmente inaceptable na súa obra?

As palabras obscenas existen. Se existen, teñen que ser

utilizadas, senón non se inventarían. Se non as empregase, esas palabras existirían nun estado de apatía. O papel do artista é impartirlles valor ás palabras. Vostede referiuse á definición que fixen algunha vez da poesía. Agora non a definiría así. Se un quere ter aínda que sexa unha mínima comprensión do mundo, ten que desfacerse do resentimento. Aínda estou resentido coa sociedade, pero cada vez menos, e espero que non pase moito tempo antes de que ese sentimento desapareza por completo. No fondo, impórtame un carallo. Pero cando escribín esas palabras estaba resentido; a poesía era unha transformación, a través da linguaxe, do que se considera materia base no que se considera materia nobre. Agora, o problema é moi distinto. Vostedes - é dicir, a sociedade -xa non me interesan como inimigo. Fai dez ou quince anos estaba na súa contra. Neste momento non estou nin a favor nin en contra. Ambos existimos ao mesmo tempo. O meu problema xa non é opoñerme a vostedes senón facer algo no que esteamos involucrados, a sociedade máis eu, ao mesmo tempo. Agora coído que se os meus libros estimulan aos lectores sexualmente é porque están mal escritos: a emoción poética debería ser tan forte que ningún lector poida sentir un estímulo sexual. En canto a que os meus libros son pornográficos, non os rexeito por iso. Só respondo que me faltou graza.

Como avaliaría a Sartre?

Sartre repítese. Ten unhas cantas ideas principais que explotou en varias formas. Cando o leo vou máis rápido ca el. Pero a súa autobiografía sorprendeume. Nela mostra a súa vontade de liberarse do mundo burgués. Nun mundo no que todos tentan ser prostitutas respectuosas, resulta agradable atoparse con alguén que sabe que está un pouco prostituído pero non quere ser respectuoso. Personalmente, Sartre cáeme ben. A súa compañía é entretida. Comprende todo sen vulgar, con humor. El non acepta todo de min pero goza cando discutimos. É un home en extremo sensible.

Compraceulle a inigualable análise psicolóxica que fixo de vostede?

Encheume dunha especie de repugnancia porque me vin espido: espido por alguén que non era eu. Íspome en todos os meus libros, pero ao mesmo tempo disfrázome con palabras, con actitudes, con certas eleccións mediante certo tipo de maxia. Enxéñomas para non saír moi danado. Pero Sartre espíume sen cerimonia. O meu primeiro impulso foi queimar o libro; Sartre deume o manuscrito para que o lese. Deixei que o publicase porque a miña preocupación fundamental foi sempre a de ser responsable dos meus actos. Levoume algún tempo sobreporme á lectura do libro. Foime case imposible retomar a escritura. Podería

producir certo tipo de novela mecanicamente. Puiden escribir libros pornográficos dun xeito automático. O libro de Sartre creou un baleiro que me produciu unha especie de deterioro psicolóxico.

Canto tempo durou este baleiro?

Seis anos permanecín nese abominable estado; seis anos de imbecilidade, que é a materia básica da vida: abrir unha porta, prender un cigarro. Na vida do home só existen algúns fulgores. Todo o demais é gris. Pero ese deterioro conducíume a unha meditación que finalmente me levou ao teatro.

Pero Velorio e As criadas foron escritas e producidas antes de que se publicase o libro de Sartre.

Así é. Pero o libro de Sartre fixo que explotase algo que xa me era familiar.

En opinión dalgúns reseñistas, ese «algo familiar» é a condición dos grupos minoritarios sobre os que escribe e coa marxinalidade que se identifica. Están no certo?

Escribo teatro para cristalizar unha emoción teatral, dramática. Non me interesa se, por exemplo, *Os negros* ten algunha utilidade para os negros. Ademais, non creo que a teña. Creo que a acción directa, a loita contra o colonialismo, fai máis por eles que calquera obra de teatro. Nesas obras tratei de dar voz a algo profundamente soterrado, algo que os negros e outros pobos marxinalizados eran incapaces de expresar. Falando de *As criadas*, un crítico dixo que «non falan así». Ben, si o fan: pero só a min, cando estou só, a medianoite. Se alguén me dixese que os negros non falan así, contestaríalles que puxeran o seu oído contra o corazón dun deles, escoitarían o que eu escribín. Un ten que ser capaz de escoitar o non dito.

Entón, nas súas obras, a súa afinidade está coas clases oprimidas e necesitadas?

Pode ser que escriba estas obras contra min mesmo. Pode ser que eu sexa *Os Brancos*, *O Patrón*, *O Empregado*, e trate de illar os elementos de idiotex que hai nesas calidades.

Ben, aquí, nesta exigua habitación, separadamente duns cantos mobles de segunda man, só vemos sete libros, un despertador, unha maleta, un traxe e tres camisas, ademais da roupa que leva posta. É todo o que posúe?

Si. Por que habería de ter máis? A miña é a pobreza dos anxos. As posesións e todo o que as acompaña non me interesan o máis mínimo. Ás veces, cando vou a Londres, o meu axente faime unha reserva no Ritz. Pero que necesidade teño de posuír luxos e obxectos? Escribo: iso é suficiente.

CINECLUBE DE COMPOSTELA



ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as) cineclubedecompostela.blogspot.com [facebook.com/cineclubedecompostela](https://www.facebook.com/cineclubedecompostela) [@cineclubedecompostela@gmail.com](mailto:cineclubedecompostela@gmail.com)

PROXECCIONS

Todos os mércores na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela) Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

4 DE FEBREIRO

Un canto de amor
(*Un chant d'amour*, Jean Genet, Francia, 1950, 26', VO)
Fogos de artificio
(*Fireworks*, Kenneth Anger, EUA, 1947, 20', VOSG)
A lúa dos coellos
(*Rabbit's Moon*, Kenneth Anger, EUA, 1950, 7', VO)

11 DE FEBREIRO

Un vaso de broma
Sesión de vídeo con obras de Peter Fischli & David Weiss, Roman Signer, Diego Vites, Ignacio García Gómez del Valle e Bestué-Vives.

18 DE FEBREIRO

Martin
(*Martin*, George A. Romero, EUA, 1977, 95', VOSG)

25 DE FEBREIRO

O rostro alleo
(他人の顔 [Tanin no kao], Hiroshi Teshigahara, 1966, 124', VOSG)